



Compostela
Cultura

Emocións naturais

Natureza, vida e amor

**REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA**

25 Aniversario

TEMPORADA DE ABONO

2020 → 2021

XOVES 12

NOVEMBRO 2020

Auditorio de Galicia, 20.30 h

ARAÑAS E OUTROS INSECTOS

Marzena Diakun, directora

James Dahlgren, violín solista da RFG

Laurent Blauteau, frauta solista da RFG

PROGRAMA

Claude Debussy (1862-1918)

Sinfonía en si menor (orq T. Finno)

Allegro ben marcato

Un poco lento, cantabile

Primo tempo

Sofiya Gubaidulina (1931)

Impromptu

James Dahlgren, violín solista da RFG

Laurent Blauteau, frauta solista da RFG

Albert Roussel (1869-1937)

O festín da araña, op. 17

Duración aproximada do concerto: 50 minutos. Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

25 Aniversario

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora invitada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)

Adriana Winkler
(axuda de concertino)

Anca Smeu **

Yulia Petrushevskaya

Daniel Kordubaylo

Ildikó Oltai

Michał Ryczel

Ilya Fisher

Claudio Guridi

Anna Alexandrova

Victoria Jurov

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *

Nikolay Velikov **

Helena Sengelow

Samira Ajkic

Kiyoko Ohashi

Elina Viksne

Enrique Roca

Irina Gruia

Gyula Vadaszi

VIOLAS

Tilmann Kircher *

Natalia Madison **

Timur Sadykov

Oxana Bakulina

Teresa Cardoso (R)

Anne Schlossmacher

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *

Barbara Switalska **

Millán Abeledo

Carlos García

Thomas Piel

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *

Alfonso Morán **

Gustavo Barcia (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *

Luis Soto **

ÓBOES

Christina Dominik *

Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *

Vicente López **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *

Manuel Veiga **

Daniel Solís ***

TROMPAS

Jordi Ortega *

Alfredo Varela *

Xavier Ramón **

Miguel Linares ***

TROMPETAS

Javier Simó *

Ramón Llátser **

TROMBÓNS

David Rodríguez (R)

Iago Ríos (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Roberto Oliveira (R)

Juan Vázquez ***

ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

CELESTA

Haruna Takebe (R)

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

MARZENA DIAKUN

DIRECTORA

Graduouse en Dirección Sinfónica e de Ópera na Academia de Música Karol Lipiński en Wrocław en 2005. En 2006 realizou estudos de posgrao na Universidade de Música e Artes Escénicas de Viena. Posteriormente perfeccionouse cos mestres Jerzy Salwarowski, Marek Tracz, Gabriel Chmura, Colin Metters, Howard Griffiths, David Zinman, Pierre Boulez ou Kurt Masur.

En 2006 foi asistente de Andrzej Borejka na Orquestra Sinfónica de Berner en Suíza e en 2012 foi asistente de Richard Rosenberg durante o Festival Nacional de Música en Chestertown (EEUU). En 2015 a Sinfónica de Boston outorgoulle unha bolsa como asistente de dirección no Festival de Música de Tanglewood. Foi aclamada internacionalmente en París na temporada 2015/16 despois de varios concertos coa Orquestra Filharmónica de Radio Francia. Desde 2020 é principal directora invitada da Orquestra de Cámara de París.

Compromisos recentes inclúen a Filharmónica de Liverpool, Orquestra Sinfónica de Bournemouth, Filharmónica de Radio Francia, Sinfónica da Radio de Praga, Orquestra Sinfónica da Radio Nacional de Polonia en Katowice, Filharmónica Nacional de Varsovia, Orquestra Sinfónica del Principado de Asturias, Real Orquestra

Sinfónica de Sevilla, Orquestra Nacional de Lyon, Orquestra Sinfónica do Estado de São Paulo, Filharmonía do estado alemán de Renania-Palatinado, Ópera de Göteborg, Orquestra estatal Rheinische Philharmonie, Sinfónica da Radio Nacional de Ljubljana, Sinfónica Presidencial de Ankara, Sinfónica de Estambul e a Orquestra de Cámara de Lausanne.

Ten colaborado con grandes solistas como Martin Grubinger, Peter Jablonski, Andreas Staier, Ewa Kupiec, Truls Mørk e Daniel Müller-Schott, Camilla Nylund, Klaus Florian Vogt, Catherine Wyn-Rogers, Nathalie Stutzmann, Sabine Devieille, Jean-François Lapointe, Agata Szyczewska, Linus Roth, Michael Guttman, Alena Baeva ou Konstany Andrzej Kulka.

Diakun é unha gran defensora da música contemporánea e ten estreado numerosos traballos con diferentes agrupacións. En 2016 dirixiu a estrea polaca da ópera *Lost Highway* de Olga Neuwirth, dentro do Festival New Horizons en Wrocław.

En 2015 gañou a Bolsa Taki Concordia de Marin Alsop para directoras. Desde 2011 é profesora asistente na Academia de Música de Wrocław, onde dirixe a súa clase de Dirección de Ópera e Sinfonía.

JAMES DAHLGREN

VIOLÍN SOLISTA DA RFG

É Concertino Honorario da Orquestra Sinfónica do Porto, violín primeiro e profesor na Sun Valley Summer Symphony. Estudou con Zaven Melikian no Conservatorio de San Francisco. Logo de traballar durante cinco anos coa Orquestra da Ópera de San Francisco, aceptou o posto de concertino na Orquestra Metropolitana de Lisboa e máis tarde o de concertino asociado na Orquestra Ciudad de Granada.

Tras chegar a Europa, traballou tamén como concertino invitado da Orquestra Filharmónica de Londres, Real Filharmónica de Liverpool, Orquestra do Ulster e a Sinfónica de Nova Zelandia entre outras.

Foi premiado no concurso internacional María Canals en Barcelona. É profesor de violín e da clase de posgrao de Preparación para Audicións na Escola de Altos Estudos Musicais, en Santiago de Compostela, e ocupa o posto de concertino da Real Filharmonía de Galicia desde o ano 2005. Mantén unha axenda moi activa, actuando como solista e en formacións de música de cámara.

LAURENT BLAITEAU

FRAUTA SOLISTA DA RFG

Naceu na cidade francesa de Angers. Estudou con Marc Honorat, Ida Ribera e Jean-Claude Gérard no Conservatorio Superior de Música de Stuttgart e posteriormente con Maxence Larrieu no Conservatorio Superior de Música de Xenebra. Completou a súa formación con Alain Marion, Aurèle Nicolet e Patrick Gallois, entre outros mestres.

Ten actuado con orquestras como a Filharmónica de Montecarlo, Orquestra Nacional dos Países do Loira, Orquestra de Cámara de Stuttgart, Festival Schleswig-Holstein, Bachcollegium... Participou en concertos de música de cámara xunto a recoñecidos profesionais como Radovan Vlatkovic, Sergio Azzolini, Jean-Claude Gérard, Ulf Rodenhauer ou Ingo Goritzki.

Ten tocado como solista baixo as batutas de Jesús López Cobos, Helmuth Rilling, Frans Brüggen, Álvaro Albiach, Maximino Zumalave, Antoni Ros Marbà... Desde a súa creación, é a frauta principal da Real Filharmonía de Galicia e profesor na Escola de Altos Estudos Musicais.

Claude Debussy (1862 - 1918)

En palabras de Arnold Schönberg: “As harmonías en Debussy, carentes de sentido construtivo, a miúdo serven para o propósito colorista de expresar estados de ánimo e imaxes plásticas. Tanto os estados de ánimo como as figuras, aínda que sexan extra musicais, convértense así en elementos construtivos, incorporados á función musical; ocasionan unha sorte de comprensibilidade emotiva. Desta forma a tonalidade vese completamente destronada na práctica, se non na teoría”. As innovacións harmónicas de Claude Debussy abriron o camiño dos radicais cambios musicais do século XX e sinalan o seu carácter transformador e fundacional dun novo xeito de compoñer. Como case todos os artistas revolucionarios, fuxiu de calquera intento de encadrarse nalgunha escola, o seu desexo era crear algo verdadeiramente novo e así resistiuse a seguir a estela de Wagner, estaba lonxe do verismo italiano ascendente na época e rexeitou outras definicións estilísticas como impresionista, posromántico ou simbolista xa que ningún reflectía o principio do que el víña a propoñer, non podía incluírse en ningunha categoría existente. Debussy

compuxo un só movemento da súa Sinfonía en si menor (1880), cando tiña 18 anos e daba clases de piano aos fillos de Nadezhda von Meck (famosa mecenas de Chaikovski) para máis tarde bocexalo como dúo de pianos. Non progresou na súa composición, o manuscrito foi esquecido e o compositor dixo que detestaba o xénero sinfónico. Malia todo, ese esbozo case adolescente amosa máis que oficio cun primeiro tema moi belo e podería dicirse que digno de Brahms; despois incorpora con non pouca fantasía un desenvolvemento moi orixinal, con ecos de Rimski ou Borodin, que fai que este movemento sexa unha sorte de mini sinfonía en tres partes. O arranxo orquestral de Tony Finno enfatiza as influencias rusas da música e súa deliciosa orquestración revela a un Debussy enérxico que traballa, por momentos, na herdanza romántica de Massenet e Franck. Resulta curioso pensar que o compositor, en poucos anos, daría un xiro ao mundo musical con súas atrevidas harmonías.

Sofiya Gubaidulina (1931)

Sofiya Gubaidulina ten raíces rusas e tártaras. Educada en Kazán e Moscú, viuse claramente influída por algúns profesores xudeus, ten unha fonda proximidade coa arte alemá, posue fondas conviccións morais e relixiosas, a través da súa relación coa Igrexa Ortodoxa Rusa, os seus rituais e a súa música e estableceu unha estreita relación Dmitri Shostakovich, quen a guiou e aconselloulle “Pídolle a vostede que siga por ese camiño equivocado” no seu exame profesional pois a súa música como a de outros compositores soviéticos, foi criticada e reprimida polas autoridades culturais que consideraban equivocada toda aquela expresión creativa que non se pregaba ao ditado do realismo socialista. Posiblemente o segredo do seu éxito foi seguir o consello de Shostakovich e ser ela mesma. As súas primeiras obras movíanse nun ámbito centrado no tonal, con sentido do ritmo e axeitado manexo da polifonía (calidades que están vixentes nas súas obras recentes), pasou por una fase de exploracións tímbricas, afondando en diversos aspectos do serialismo, abordou fontes musicais exóticas e experimentou co instrumental electrónico. A súa dedicación

á música cinematográfica permitiulle experimentar con novidosos elementos sonoros e de linguaxe que máis tarde levou ás partituras de concerto. Gubaidulina tamén ten creado música para a radio ademais de ballets, sinfonías, concertos, cantatas, ciclos de cancións, sonatas para diversas formacións, cuartetos de corda, obras con medios electrónicos e pezas para agrupacións pouco convencionais conforman a medula do catálogo de Sofia Gubaidulina. Na música para instrumentos solistas e orquestra, a compositora tártara compuxo obras para fagot, piano, violín, violonchelo, frauta, viola, percusión. Nesta liña compositiva, *Impromptu* foi escrita en 1997 para frauta, violín solo e orquestra de cordas con motivo das celebracións do 200 aniversario de Schubert. Moitos coñecedores da música do compositor austríaco preséntana como unha peza chea de contrastes, por momentos desenfadada e noutros pesante: así constrúe Gubaidulina o seu *Impromptu*, unha partitura na que xorden diferentes emocións agolpadas de forma inesperada e que forman, sen embargo, un conxunto orgánico que remata nos inquietantes, vibrantes e lixeiramente aciagos acordes das cordas.

Albert Roussel (1869 –1937)

Tras unha breve carreira como oficial da Mariña de guerra francesa, a vocación de Albert Roussel levouno á Schola Cantorum, primeiro como alumno de D'Indy e logo como profesor con alumnos tan dispares como Satie ou Varèse. Ata 1914, compón un reducido número de partituras -que evolucionan desde un escolasticismo prolixo e confuso ata un impresionismo libre e atractivamente fresco (*O festín da araña* e *Evocacións* son as súas obras crave de preguerra)-, sendo a estrea de *Para unha festa de primavera* a que en 1921 eléva o a figura da música francesa da posguerra, aclamado polas novas xeracións que consideran superado o impresionismo dada a súa capacidade para evolucionar autonomamente e desenvolver o seu propio pensamento musical sen someterse a escolas, modas, tendencias ou imposicións: un neoclasicismo orixinal que emprega a disonancia, ritmicamente vigoroso e cheo de enerxía, pero con extraordinarios oasis de extática contemplación, de inmovilidade solar, de pagá mediterraneidade. Roussel compuxo en 1912 *O festín da araña*, un ballet-pantomima cargado de fortes

estruturas, poderoso contrapunto, brillantes cores e melodías pegadizas, con libreto de Gilbert de Voisins sobre a vida dos insectos nun xardín, insectos que representarían as debilidades da conduta humana. Foi estreada ao ano seguinte da súa composición no Teatro de París cuxo decorado principal era unha enorme arañeira que impresionou ao público. O compositor decidiu entón recompoñer unha suite orquestral incluíndo extractos do orixinal coa que tivo tanto éxito que lle molestaba por eclipsar outras obras para el, máis serias e máis interesantes. Na partitura, o feitizo de Debussy é aínda evidente pois baixo a súa influencia, combina maravillosamente os diferentes timbres, usando tons puros y transparentes . Pero a peza tamén amosa a propia personalidade e estilo característico de Roussel sempre enxeñoso na súa orquestración, combina de xeito maxistral celesta, arpa e violín solista para os momentos efémeros. A música, lixeira e refinada, sensual e ilustrativa, altamente suxestiva pero cun uso especial de ritmo e cor, é capaz de describir o silencio na noite, o ceo e a brisa de verán ou a danza funeraria co sol poñente.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 19 de novembro, 20.30 h

THE KID

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Timothy Brock, director

The Kid (1921), de Charles Chaplin

Música: Charles Chaplin (1971)

restaurada por T. Brock (2016)

Xoves 26 de novembro, 20.30 h

PAXAROS E ORQUESTRA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Matthieu Arama, violín

A. Siebert, *Memorias dun neno labrego*.
(*Obra encargo RFG**)

E. Rautavaara, *Cantus arcticus*, op. 61

J. Sibelius, *Concerto para violín en re menor*, op. 47

* *Estrea absoluta*



AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura

